

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 17/06/2020 e que literalmente transcrito di:

“A Ordenanza reguladora do uso e disfrute das praias do Concello de Ferrol establece no seu artigo 4 que para os efectos da dita ordenanza se entende por temporada de baño o período comprendido entre o día 1 de xuño e o 15 de setembro de cada ano, aínda que o Concello poderá variar as ditas datas en función das circunstancias climatolóxicas.

Tivo entrada no Servizo de Recursos Humanos unha providencia da Concelleira Delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi e que copiada di:

“Ante a chegada do período estival e para garantir a correcta prestación do servizo salvamento e socorrismo nas praias do Concello, cómpre contratar persoal, concretamente un total de 53 socorristas, dos cales 1 desenvolverá a funcións de coordinador de socorrismo e 7 as de coordinadores de caseta.

En datas pasadas solicitouse para este efecto subvención ao abeiro da Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020 – código de procedemento TR351A- (DOG nº 18 do 28 de xaneiro de 2020). Convocatoria que aínda está pendente de resolución.

Tendo en conta os prazos esixidos na Ordenanza reguladora do uso e disfrute das praias do Concello de Ferrol e que a tramitación do expediente por todos os Negociados competentes retrasaría a súa execución, cómpre por motivos de urxencia e axilidade atribuír o mesmo a un só servizo.

Polo exposto, dispoño que polo Servizo de Recursos Humanos se inicien os trámites para:

- contratación dun total de 37 socorristas e 7 coordinadores/a de caseta por un período estimado de 3 meses e 1 semana (do 20/06/2020 ao 27/09/2020) e 1 coordinador de praias (do 15/06/2020 ao 27/09/2020) elaborando unhas bases que permitan levar a cabo o proceso de selección.

- unha vez resolta a solicitude presentada, contratación dun total de 8 socorristas por un período estimado de 3 meses e 1 semana mediante oferta xenérica ao Servizo Público de Emprego tal como obriga a Orde do 20 de decembro de 2019 no seu artigo 14, no que recolle os requisitos e criterios para a selección dos/as traballadores/as”

Con data do 12 de xuño de 2020 recíbese resolución da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria de concesión de **achega para a contratación de 6 socorristas** durante dous (2) meses para o servizo de salvamento e socorrismo nos areias do Concello de Ferrol (campana 2020)

O artigo 19 Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 establece: “*Dos. No se podrá proceder a la contratación de personal temporal, así como al nombramiento de personal estatutario temporal y de funcionarios interinos excepto en casos excepcionales y para cubrir necesidades urgentes e inaplazables.*”

Recóllese na Disposición adicional cuadraxésima terceira:

“*Disposición adicional cuadragesima tercera. Exigencia de responsabilidades en las Administraciones Públicas y entidades dependientes de las mismas por la utilización de la contratación laboral.*

Uno. Los contratos de trabajo de personal laboral en las Administraciones Públicas y en su sector público, cualquiera que sea la duración de los mismos, deberán formalizarse siguiendo las prescripciones y en los términos establecidos en el Estatuto de los Trabajadores y demás normativa reguladora de la contratación laboral, así como de acuerdo con los previsiones de la correspondiente Ley de Presupuestos Generales del Estado, siéndoles de aplicación los principios de igualdad, publicidad, mérito y capacidad en el acceso al empleo público, y debiendo respetar en todo caso lo dispuesto en la Ley 53/1984, de 26 de diciembre, de Incompatibilidades del Personal al Servicio de las Administraciones Públicas, y cualquier otra normativa en materia de incompatibilidades.

Dos. Los órganos competentes en materia de personal en cada una de las Administraciones Públicas y en las entidades que conforman su Sector Público Instrumental serán responsables del cumplimiento de la

citada normativa, y en especial velarán para evitar cualquier tipo de irregularidad en la contratación laboral temporal que pueda dar lugar a la conversión de un contrato temporal en indefinido no fijo. Así mismo, los órganos de personal citados no podrán atribuir la condición de indefinido no fijo a personal con un contrato de trabajo temporal, ni a personal de empresas que a su vez tengan un contrato administrativo con la Administración respectiva, salvo cuando ello se derive de una resolución judicial.

Tres. Las actuaciones irregulares en la presente materia darán lugar a la exigencia de responsabilidades a los titulares de los órganos referidos en el apartado segundo, de conformidad con la normativa vigente en cada una de las Administraciones Públicas.

Cuatro. Las Administraciones Públicas promoverán en sus ámbitos respectivos el desarrollo de criterios de actuación que permitan asegurar el cumplimiento de esta disposición así como una actuación coordinada de los distintos órganos con competencia en materia de personal. Cinco. La presente disposición, que tiene vigencia indefinida y surtirá efectos a las actuaciones que se lleven a cabo tras su entrada en vigor, se dicta al amparo del artículo 149.1.18.ª de la Constitución, en lo relativo al régimen jurídico de las Administraciones Públicas y el sistema de responsabilidad de todas las Administraciones. “

Para o ano 2020 non se aprobaron os Orzamentos Xerais do Estado definitivos, no seu lugar se aproba o Decreto Lei 2/2020, de 21 de xaneiro, de medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público, norma que non recolle ningunha prevención en canto a contratación de persoal temporal.

Na Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais, e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2020, recóllense no seu artigo 14 os requisitos e criterios para a selección dos traballadores e traballadoras indicando no punto 3 que “**3. As entidades beneficiarias da subvención solicitarán aos traballadores e ás traballadoras que se necesiten mediante a presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego,** nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os traballadores e as traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes aos postos de traballo ofertados. Deberase presentar unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións –CNO–, de conformidade cos seguintes principios xerais:

- a) A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos no punto 5 ou que trate de favorecer os colectivos enumerados neste.
- b) En ningún caso poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.
- c) Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.
- d) As entidades locais deberán presentar as ofertas cunha antelación mínima de 15 días hábiles á data prevista para realizar as correspondentes contratacións na oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado. (...)”

A Alcaldía-Presidencia deste Concello, decretou con data 09/10/2014 declarar como servizo público esenciais os relacionados coa prestación dos seguintes servizos: cemiterio, viais, atención social incluída a atención a vítimas de violencia de xénero, prevención e extinción de incendios, seguridade pública, rexistro de documentos e padrón municipal, inspección e licenzas urbanísticas e medio ambiente, así como aqueles outros servizos nos que se dean causas urxentes e excepcionais debidamente xustificadas; polo tanto enténdese acreditado o cumprimento do carácter esencial do servizo a prestar.

Para a selección de persoal laboral ao servizo da Administración Pública, ademais dos principios que rexen a contratación laboral, están os principios de igualdade, mérito e capacidade no acceso, e se ben non está previsto procedemento ningún para a súa selección, dado o carácter temporal do vínculo e a urxencia da contratación, presuponse sobre os mesmos a axilidade e a rapidez na selección.

Neste sentido a Orden APU/1461/2002. de 6 de xuño, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (de aplicación supletoria á Administración Local) no seu artigo Terceiro apartado Cuarto establece que: “*Por razones de plazos o de dificultad para captar candidatos, podrá recurrirse, con carácter excepcional, a los servicios públicos de empleo para realizar la preselección.*”



Polo exposto, propóñolle a vostede a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Efectuar as correspondentes Ofertas de Emprego ao Servizo Público de Emprego.

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán o proceso de selección ao cal serán sometidas as persoas preseleccionadas polo Servizo Publico de Emprego, que son as que de seguido se relacionan:

“Bases para a contratación en réxime laboral temporal de 6 socorristas para o servizo de salvamento e socorrismo nos areias do Concello de Ferrol. Campaña 2020

Primeira.- Obxecto

O obxecto das presentes bases é regular o proceso de selección para a contratación laboral temporal de 6 socorristas para a prestación das labores de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol durante 2 meses .

Segunda.- Sistema de selección

Por unha cuestión de prazos así como da posible dificultade para captar candidatos así como os criterios e requisitos establecidos na Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas EELL (DOG núm. 18, do 28 de xaneiro), remitirase oferta xenérica ao Servizo Publico de Emprego, onde farán unha preselección, tendo en conta os requisitos fixados dende o Concello.

As persoas preseleccionadas participarán, de ser o caso, na selección a través do sistema de concurso-oposición.

Terceira.- Modalidade de contratación e duración do contrato

Os contratos formalizaranse baixo a modalidade de **contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social**, para a prestación das labores de salvamento e socorrismo nas praias do Concello de Ferrol durante a tempada de verán de 2020, a xornada completa (40 horas semanais), que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

A duración do contrato será de 2 meses, dende o 1 de xullo ao 31 de agosto. As vacacións correspondentes ao período contratado serán de 5 días que terán o carácter de irrenunciabes e deberán desfrutarse na última semana de contrato (do 27 ao 31 de agosto)

As retribucións serán de mil catrocentos trinta e cinco euros con noventa nove céntimos céntimos brutos mensuais (1.435,99 €) incluído o plus de transporte e o prorrateo das pagas extraordinarias, no casos dos/das socorristas.

O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días de conformidade co establecido no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

Cuarta.- Requisitos das persoas aspirantes

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes:

a) Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego.

b) Non terse contratado, por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2019 pola Concellería de Economía, Emprego e Industria no ámbito de colaboración coas EELL e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregas

c) Nacionalidade. Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

d) Idade: Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder da idade máxima de xubilación.

e) Capacidade funcional: Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial.

Este certificado **debe presentarse**, como data límite, no momento temporal inmediatamente anterior á realización das probas físicas, sendo excluído/a o/a aspirante en caso contrario. Poderá ter, como máximo, unha antigüidade de 3 meses en relación á data fixada para o desenvolvemento das probas. En casos excepcionais, este certificado pode ser suplido cunha declaración xurada axustada ao modelo que figura como anexo a estas bases.

f) Habilitación: Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.

g) Compatibilidade: Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

h) Estar en posesión do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria ou equivalente.

i) Estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia, ou no seu defecto, ter presentada a citada solicitude no citado Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.

Quinta.- Comisión Cualificadora

Presidente: Un/unha funcionario/a do Concello de Ferrol.

Secretario: O secretario do Concello de Ferrol ou quen legalmente o substitúa.

Vogais: Catro funcionarios/as de carreira do Concello de Ferrol.

O/a secretario/a do tribunal cualificador terá dereito a voz pero non a voto.

A Comisión cualificadora estará integrada de conformidade co artigo 55.1.c) e d) e art. 60 do RD 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o Texto refundido do Estatuto do empregado público, así como garantindo a competencia técnica, nivel de titulación e paridade na súa composición, de conformidade ao establecido na Lei de Igualdade do Home e da Muller.

Os membros da comisión cualificadora deberán absterse de intervir, notificándoo ao órgano que convoca, cando concorran neles circunstancias das previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público ou se realizaron tarefas de preparación ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Asemade, os/as aspirantes poderán recusar aos membros da citada comisión cando concorran as devanditas circunstancias.

A comisión cualificadora resolverá todas as dúbidas que puideran xurdir na aplicación destas normas, así como o que se deba facer nos casos non previstos.

Así mesmo poderá dispoñer a incorporación as súas sesións de persoas con labores de asesoramento para as probas que estimen pertinentes, limitándose estes/as a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros da Comisión Cualificadora deberán pertencer a unha categoría profesional para o ingreso na cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Os membros da citada comisión terán dereito á percepción das cantidades que correspondan en aplicación do RD 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo. O número de sesións en ningún caso superará o máximo de 15.

Sexta.- Desenvolvemento do proceso selectivo

Pechada a oferta xenérica polo Servizo Público de Emprego, dende o Servizo de Recursos Humanos se citará por teléfono ás persoas preseleccionadas para que, de ser o caso, presenten no Rexistro Xeral do Concello **- a través de sede electrónica ou remitindo a rexistro@ferrol.es** -, no prazo de 5 días naturais, contados dende o día seguinte ao de realización do chamamento, unha solicitude de participación no proceso selectivo que deberán acompañar inescusablemente dos seguintes documentos:

- Instancia de participación, con implícita declaración xurada da veracidade da documentación aportada en copia simple, de non estar inhabilitado para o desempeño de funcións e de non estar incurso en situación de incompatibilidade para prestar servizos na Administración pública.

Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

- Copia do DNI
- Copia do título de Graduado en ESO ou equivalente
- Copia do documento acreditativo de estar inscrito no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia ou, no seu defecto, de ter presentada a citada solicitude no dito Rexistro Profesional e que non transcorrera o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste último caso, deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia da solicitude de inscrición no Rexistro profesional e copia da declaración responsable segundo o modelo normalizado. Todo isto de conformidade co Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia e o Decreto 35/2017, do 30 de marzo, que modifica o anterior.
- Certificado médico ao que se fai referencia na letra e) da base 4ª deste documento.
- Copia da documentación acreditativa dos méritos alegados.
 - no caso de **méritos profesionais** deberá ser copia de contratos xunto a copia de informe de Vida laboral

- o no caso de **méritos académicos**, deberá ser copia de certificados dos cursos realizados nos que se reflicta número de horas ou créditos lectivos. Unicamente se valorarán os cursos e accións formativas impartidas por administracións públicas, sindicatos, universidades e centros formativos homologados.

Non serán tidos en conta os méritos que non se acrediten correctamente segundo o establecido nestas bases.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de 3 días hábiles para enmenda ou subsanación de documentación.

Fase de concurso (máximo 4 puntos):

Nesta fase unicamente se valorarán os seguintes extremos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 2'5 puntos.

Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: 0,15 puntos.

b) Formación, ata un máximo de 1'5 puntos.

b.1) Por acreditar formación sobre RCP (reanimación cardiopulmonar), soporte vital básico e manexo de desfibriladores: 0,50 puntos en total e sen que teña carácter acumulativo.

b.2) Por estar en posesión de titulación que habilite para o manexo de embarcacións (patrón para navegación básica ou superior): 0,25 puntos.

b.3) Por estar en posesión do título de Técnico/a en Emerxencias Sanitarias ou formación relacionada coa rama sanitaria: 0,25 puntos.

b.4) Por cursos relacionados directamente coa ocupación, 0,05 puntos por cada 20 horas acumuladas ate o máximo de 0'50 puntos

No caso de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas estes non serán valorados.

Fase de oposición (máximo 6 puntos):

Consistirá na realización da seguinte proba:

Proba de piscina – 100 metros. Proba combinada máximo 6 puntos

A posición de partida será de pé, no borde do vaso da piscina. Despois do sinal, entrarase na auga coa técnica aberta sen afundirse (apropiada para lugares de escasa profundidade) mantendo a cabeza fóra da auga. Realizaranse 50 metros de nado CROL coa cabeza fóra da auga, recollerase un obxecto do fondo da piscina e remolcarase 50 metros de costas e patada de braza mantendo en todo momento o obxecto fóra da auga. Ao chegar ao borde do vaso da piscina colocarase o obxecto fóra da auga no lugar apropiado para iso.

Outorgaranse as seguintes puntuacións de acordo cos tempos expresados, que comezarán a contar dende a posición de partida e ata a colocación do obxecto no lugar indicado:

TEMPOS HOMES	TEMPOS MULLERES	PUNTUACIÓN
Superior a 2'30"	Superior a 2'40"	0 puntos
Entre 2'30" e 2'00"	Entre 2'40" e 2'10"	2 puntos
Entre 1'59" e 1'30"	Entre 2'09" e 1'40"	4 puntos
Igual ou inferior a 1'29"	Igual ou inferior a 1'39"	6 puntos

Sétima.- Cualificación final e relación de persoas propostas a contrato

A comisión cualificadora publicará no Taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación de aspirantes por orde de puntuación total final, con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que obtiveran a puntuación máis alta.

A cualificación final do proceso selectivo virá dada pola suma das puntuacións obtidas en ambas fases.

O tribunal cualificador non poderá facer unha proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao de postos ofertados.

De producirse un empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola seguinte orde de preferencia:

- 1º A puntuación obtida na fase de oposición
- 2º A puntuación obtida no apartado a) da fase de concurso
- 3º A puntuación obtida no apartado b) da fase de concurso

Oitava.- Listaxe e reserva

Coas persoas aspirantes que superen as probas pero non figuren incluídas na proposta de contratación se establecerá unha listaxe de reserva para os efectos de cubrir posibles renuncias ou incidencias que puideran xurdir durante o período ao cal afecta a contratación. Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación.

Novena.- Incidencias

A comisión cualificadora queda facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

Décima.- Publicidade

A publicidade das actuacións derivadas do proceso selectivo que se regula nestas bases se realizará a través de publicacións no taboleiros de anuncios do Concello e da páxina web. ([www.ferrol.es/Sede Electrónica/Recursos Humanos/Outras contratacións](http://www.ferrol.es/SedeElectronica/RecursosHumanos/Outrascontrataciones))

Décimo primeira.- Reclamacións e recursos

A presentación da solicitude de participación no presente proceso selectivo implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

Os actos administrativos derivados das presentes bases poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e no xeito establecidos pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do

Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Anexo

DECLARACIÓN XURADA APTITUDE FÍSICA E PSÍQUICA

Don/

Dona _____

___ con DNI núm. _____ e enderezo

en _____

_____ Concello _____ Provincia _____ e número

de teléfono _____.

Baixo promesa ou xuramento e baixo a miña enteira responsabilidade, DECLARO que conto coas condicións psíquicas e físicas necesarias para a realización de probas físicas de máximo esforzo fóra e dentro da agua.

Que dado que cumpro coas ditas condicións, desexo participar nas probas correspondentes ao proceso selectivo de Socorristas do Concello de Ferrol.

Tamén DECLARO ter sido informado polo Concello de Ferrol, de que, é necesario que, con carácter previo á realización das probas físicas, me faga un recoñecemento médico que descarte a existencia dalgunha enfermidade infecto-contaxiosa e/ou dalgún problema que puidera impedir a realización de ditas probas nas condicións debidas, aportando o certificado médico acreditativo deses extremos.

Para que conste e surta os efectos oportunos, firmo a presente”

Terceiro.- O período máximo de duración da totalidade dos contratos será de 2 meses, o gasto estimado da contratación dos 6 socorristas ascende á cantidade de **vinte tres mil catrocentos coarenta e nove euros con setenta e catro céntimos (23.449,74 €)** que se imputará con cargo ás aplicacións orzamentarias 01105-2411-13100 – 17.806,26 €- e 01105-2411-16000 – 5.643,48 € - (GFA 20101005)

Non obstante, vostede resolverá. “

Examinada asímesmo a documentación que o acompaña, así como o informe da Intervención.

Decreto.- Vista a proposta apróboa nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral

